

O OUTEIRO



CURSO 2011-2012

CEIP DE SOUTELO DE MONTES

ÍNDICE

EDITORIAL

O SAMAÍN

O MAGOSTO

O NADAL

DÍA DA PAZ

O ENTROIDO

LETRAS GALEGAS

O RECUNCHO DE RELIXIÓN

DEPORTE ESCOLAR

ENDL

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

SAÍDAS DIDÁCTICAS

OUTRAS ACTIVIDADES

PÁXINA WEB

AS RECEITAS DE DONA M^o CARMEN

PASATEMPOS/HUMOR

EXCURSIÓN FIN DE CURSO

EDITORIAL

Estimd@s amigas e amigos:

Quero comezar a escribir esta editorial para a revista do colexio cun profundo sentimento de agradecemento :

En primeiro lugar aos meus compañeiros e compañeiras do Claustro de Profesores que fan posible que este proxecto educativo se faga realidade e que o Colexio sexa un lugar de encontro acolledor e agradable.

En segundo lugar á ANPA e ao Consello Escolar polo seu traballo e constante apoio no desenvolvemento dos diferentes proxectos levados a cabo no noso Centro.

En terceiro lugar aos alumnos e alumnas porque eles son os verdadeiros protagonistas dentro da Comunidade escolar.

Como mostra do traballo realizado neste ano académico editamos un novo número da revista escolar " **O OUTEIRO** " na que tentamos amosar un resumo dalgunhas actividades que realizamos dentro e fóra do recinto escolar.

Este curso que está a piques de rematar foi o inicio dunha nova etapa, dunha viaxe que emprendemos todos xuntos e da que me sinto orgulloso de formar parte.

Unha forte aperta para tod@s !!!

O Director.

O SAMAÍN



Na última semana de outubro celebramos o Samaín. Os rapaces e rapazas decoraron un montón de cabazas que estiveron expostas polos corredores do colexio...

Cada grupo amosa as súas cabazas con entusiasmo...





O MAGOSTO



Chegou o mes de novembro... e claro... todos/as pensamos nunha das máis vellas tradicións galegas...**A FESTA DO MAGOSTO** e por suposto, no noso colexio tivemos un día de celebración.

Durante esta xornada pasámolo en grande con distintos xogos tradicionais e unha yinkana de probas... para rematar comendo unhas ricas castañas asadas.



VISIÓN DUN NENO DE 4ºEP SOBRE A FESTA DO MAGOSTO QUE
FIXEMOS NO COLEXIO...



O magosto

Ese día todos estaban ilusionados, sobre todo os pequenos que non sabían o que era. Primeiro fixemos actividades de leer, despois empezamos a craxar as castañas que estaban moi, moi boas e empezamos a xogar ao xogo do escondite de castañas e dicir: os profesores esconden as castañas e fan pistas algunhas estaban en sitios impresionantes, nas porterías do fútbol, de lairo de arxentos e enterrados, me nos mal que tiñamos a Luis Alberto que lle chegaba a todos os sitios.



4º-2000000000



NADAL



No Festival de Nadal, participamos todas as nenas e nenos do colexio: tocando, bailando, cantando e ata fixemos unha obra de teatro que nos quedou moi ben.



Como remate do Festival disfrutamos da actuación da conta contos **Raquel Queizás**.

FESTIVAL DE NADA

Os rapaces e rapazas do colexio C.E.I.P de Soutelo de Montes fixeron unhas actuacións diferentes cada curso. Os menes e nenas de infantil comezaron o festival cunha coreografía, chamada a "Polilla" e tamén unha panxoliña, "O Pato Roxiño". Os alumnos e alumnas do 1º ciclo seguiron con outra actuación titulada "El arbolito", e continuaron cunha panxoliña bastante coñecida "Campana sobre campana". Mentres tanto nós preparavámonos para a nova actuación que se chamaba "Barcarola". Os espectadores estaban moi embretidos. Os rapaces e rapazas de 3º de Primaria fixeron unha coreografía chamada "La vaca lechera", tamén fixeron unha actuación instrumental, "Meita festa". Os menes e nenas de 4º de Primaria fixeron unha coreografía, "El autobús" e unha panxoliña "Marchemos alegres".

Os alumnos e alumnas de 5º e 6º remataron as actuacións cunha obra de teatro, "Recabreu o rei xiro Eleuterio".

Pola tarde foi o fin do festival e ven unha contacontos, Raquel Queizás cos "Contos do castiño". Cando nos fomos déronnos un regalo a cada un, todos os menes e nenas pasárono moi moi ben.

~~Antonia~~ Amara
Gando B.

Paula
VARELA P.

Benito



DÍA DA PAZ

O día 30 de xaneiro celebramos o Día da Paz.

Cada un/unha de nos tivemos que escribir, á primeira hora da mañá, unha mensaxe nun papeliño. Unha mensaxe cos nosos desexos de paz...o que nos deu pé a estar falando sobre o tema...ben dobradiños recollémolos todos e metemos cada un nun globo branco....para que? xa vos contarei o que fixemos pola tarde....

As 15:30 fomos ver un vídeo cunha canción ben fermosa que estivemos cantando todos/as: Cantaré, cantarás...Tamén cantamos o Himno da Alegría e algúns compañeiros e compañeiras estiveronnos recitando distintos poemas .



Despois fomos ata o ximnasio para elaborar un mural colectivo no que participamos todos/as....



Para rematar...fixemos un gran círculo e metemos todos os globos no medio. Logo, e por cursos, cada un estoupou un globo e leu a mensaxe que tiña dentro....



O ENTROIDO

Chegou o gran día...o 17 de febreiro celebramos o Entroido, despois dunhas intensas xornadas traballando nos nosos disfraces. Como tema central escollemos **O CAMPO**, e tivemos representación de distintos animais e plantas.



Os de infantil foron de xoaniñas



Os de 1º e 2º de abellas
(con antenas e todo).



As nenas e nenos de terceiro
disfrazáronse de vacas (muuuuu)



Os de cuarto de flores.

E por último os maiorciños do cole (5º e 6º) ían de uvas.



Como todos os anos fixemos o desfile desde o colexio ata a Praza do Gaiteiro, pasando pola principal rúa do pobo. A participación da comunidade educativa foi alta e uníronse á festa de celebración.

Xa no colexio degustamos uns saborosos doces típicos destas datas!!



LETRAS GALEGAS

O 17 de maio de cada ano celebramos o Día das Letras Galegas.

Este ano o autor elixido para ser homenaxeado foi **Valentín Paz Andrade**. No colexio colocamos uns murais nos que se recollen datos da súa vida e obra, para que o alumnado tivera un primeiro acercamento á figura deste autor. Para ter máis datos, os distintos titores/as acudiron á aula de informática e á biblioteca para realizar unhas actividades interactivas co encerado dixital.



Xa pola tarde todos/as xuntos atendemos a unha lectura colectiva, que fixeron os nenos/as do 3º ciclo sobre a biografía do autor, do cal tamén se recitaron algúns poemas.



A continuación, de xeito individual fixemos unha nube de palabras que plasmamos nun mural. Participamos desde os máis pequenos ata os máis grandes...



ESTE FOI O RESULTADO... BEN LUCIDO QUE NOS QUEDOU!

O RECUNCHO DE RELIXIÓN

Dende a materia de Relixión Católica fixéronse diferentes traballos ao longo do curso en colaboración co resto do profesorado.



Colaboramos na realización do decorado para o escenario e na ambientación do colexio con motivos do Nadal.

Participamos de forma activa no desenvolvemento de actividades para e día da Paz e outras celebracións.


Pero sobre todo fixemos un proxecto sobre A IGUALDADE que se levou a cabo en tódolos cursos (dende Educación Infantil ata 6º de primaria). Deste xeito e baseándonos na lectura do conto **KOFU, O NENO DE CHOCOLATE**



tratamos o tema da igualdade e a dignidade das persoas, xa que toda persoa ten valor polo feito de ser persoa, non importa se é home ou muller nin cal é a súa cultura, a súa relixión, a súa etnia, a súa nacionalidade ou a súa riqueza. Tampouco depende de se un é alto ou baixo, guapo ou feo, neno ou ancián, enfermo ou san, malo ou bo. Estes trazos distínguennos pero non nos quitan nin engaden dignidade.



Paulo, Uxía e Sebastián de 5º entenden así a igualdade:



CONTO :ALBA E O SEU NOVO IRMÁN

Fai uns anos unha familia cunha filla de 6 anos chamada Alba decidiu adoptar un rapaz negriño. Querían darlle unha sorpresa á súa filla así que trouxeron ao neno sen dicirlle nada. Chegou o día e os pais chamaron pola nena para presentarlle ao seu novo irmán pero cando a nena veu que era negro foise para a habitación triste e desilusionada.

Entón a nai foi a xunto a ela e díxolle :

- Que che pasa ?
- Mamá é que o neno é doutra cor - dixo Alba.
- Pero iso dá igual - contestoulle a súa nai. E explicoulle que aínda que sexa doutra cor é coma ela, ten os mesmos sentimentos, as mesmas necesidades, os mesmos sufrimentos...

De seguido a nai preguntoulle :

- E Laura ?
- E a Laura que lle pasa ? Preguntoulle Alba.
- Laura ten os ollos resgados e ti es a súa mellor amiga - dixo a nai.

Entón decatouse de que cometera un erro e foi xunto ao seu irmán e doulle un bico. Os seus pais puxéronse moi contentos ao ver que Alba aceptara ao seu novo irmán, que por certo decidiron entre todos chamalo Raul.

A partires daquel día Alba entendeu que toda a xente é igual aínda que teña os ollos resgados, sexan negros, amarelos, gordos, fracos, altos ou baixos.... dá igual.

Ao final viviron felices os catro xuntos.

Cristina Ogando Ballesteros 5º EP

DEPORTE ESCOLAR

Neste curso tamén participamos nas competicións deportivas.

Imos facer un pequeno resumo delas :

Comezamos polo Cross que se celebrou no circuíto de A Magdalena en Soutelo, a nosa compañeira Guiomar Carballeda quedou en primeiro lugar.

Cando rematou a carreira déronnos un ticket para tomar chocolate con biscoitos e unha botella de auga.

Tamén visitamos outros centros, o primeiro contra o que xogamos foi Forcarei, os de 3º e 4º gañaron os seus partidos e 5º e 6º só gañamos a baloncesto.

Logo fomos competir a Cerdedo e os resultados foron os mesmos que en Forcarei. En Tenorio disputamos os seguintes partidos, os de 5º e 6º esta vez non gañamos ningún partido pero compensárono os de 3º e 4º porque volveron a gañar todo.

Para rematar esta tempada do Deporte Escolar veunos visitar o colexio de Campo Lameiro, esta vez os de 2º ciclo perderon a fútbol e nós (3º ciclo) non puidemos gañar ningún partido.

A Festa do Deporte celebrouse na Carballeira de San Xusto, organizouna o cole de Tenorio. Foron moitos colexios e institutos. Contamos coa presenza da deportista de vela Sandra Azón que participou en xogos olímpicos e mundiais gañando medallas nas dúas competicións.

Pasámolo moi ben !!!



Entrega de medallas e trofeos. Carballeira de San Xusto. 1-6-2012



No circuito da Madanela



En Cerdedo



En Soutelo de Montes



Gañadora absoluta de Cross Infantil feminino:
Guiomar Carballeda Viétez



En Tenorio



En Forcarei

EQUIPO NORMALIZACIÓN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Un dos obxectivos máis importantes que se propuxo o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística para este curso foi o de valorar e estimar a Lingua Galega facendo uso dela en todas as situacións de comunicación que se nos presentan.

Como mostra de actividades propostas para acadar este obxectivo destacamos a realizada polos alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria que se encargaron de recopiar distintas manifestacións orais (refráns, lendas, contos, cantigas...) que se escoitan na Terra de Montes.

ESTA É UNHA CANTIGA QUE RECOLLEU GUIOMAR CARBALLEDA:

NA RÍA DE VIGO

Cando saín de Soutelo os meus ollos eran fontes,
Adios montes de Soutelo adios Soutelo de Montes.

Na ría de Vigo non se pode entrar
De tantos galegos que van embarcar,
Que van embarcar, que van embarcar,
Na ría de Vigo non se pode entrar.

Soutelo de Montes ten unha fonte redonda
Para lavarse os mozos cando veñen de " la ronda ".

Na ría de Vigo non se ...

As mociñas de Soutelo non son unha que son todas,
Gastan dous pares de medias para facer as pernas
gordas.


Na ría de Vigo non se ...

As mociñas de Soutelo din que non saben cantare
Anque non cantan moi alto sábeno adornare.


Na ría de Vigo...



ESTES SON ALGÚNS REFRÁNS APORTADOS POLOS ALUMNOS/AS DE 4º EP



O CONTO QUE TROUXO GUIOMAR



O LABREGO

Non hai mellor vida que a do labrego, nas mañanciñas de verán e inverno cando aínda os galos non saen do poleiro visto as cirolas e o calzón vello e poño os "zoques" de pao de freixo; culler de buxo decote meto para sacar verzas e broa a eito.

Polos domingos levántome cedo e vou á misa que nunca perdo, son ante todo cristián vello. Logo da misa vou de paseo botando contas para os meus adentros...cinco cédulas, seis trabucos para o goberno, canto me queda? Un raio ardendo, válgate "xuncras" ei "xurabelo" , non hai mellor vida que a do labrego.

DITOS DA TERRA DE MONTES (POR CRISTINA OGANDO)

Quen me dera, quen me dera,
quen me dera o que non teño,
unha veiga en Millarada
e os amores en Soutelo.

As mozas da Aldea de
Arriba
son coma o lagarto "arnal"
por ir á leña á Devesa
perderon o carrascal.

Toca gaiteriño toca,
meniñas correde a velo,
que é moita a gaita gaitiña
do gaiteiro de Soutelo.



Séntate aquí compañeiro,
ti nunha pedra e eu noutra,
contarémolos pasiños
de Soutelo a Vilapouca.


Cando se entra en Soutelo
o primeiro que se ve
son as ventás abertas
e as camas sen facer.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Un ano máis
celebráronse no
centro as clases
da escola
municipal de
música



O programa Golfiños
seguiu desenvolvendo
as súas actividades



SAÍDAS DIDÁCTICAS

ROBIN
HOOD

Os de 3º e 4º fomos ver
unha obra de teatro en
inglés.
(21-11-2011)



Hoxe luns, 21 de novembro saímos ás dez da
mañá do colexio para ir a Laxeira ver
unha obra de teatro. A obra de teatro era de
Robin Hood e durou unha hora. Gustoume
moito. Cando acabou empezou a chover
e corremos rápido e metémonos debaixo
dun palco. Despois chegou o autobús e
fomos correndo a el e cando
chegamos ao colexio comemos.

3º EP






Os de Infantil fomos ver a obra
de teatro: BICHARADA.
(23-05-2012)


Canto
disfrutamos no
parque antes de
entrar a ver a
obra!!!!



As azafatas colocáronos antes do inicio da
actuación!
E claro está... portámonos xenial!!!

Os de 1º e 2º fomos ver un espectáculo titulado: A PANTASMA DO PALCO (12-03-2012)





OUTRAS ACTIVIDADES

O ARXINA E O FELO



No mes de abril veu ao colexio a compañía de títeres VIRAVOLTA para presentarnos a obra de teatro O ARXINA E O FELO.

Foi moi divertida e Pasámolo xenial!



Hoxe, día 26 de abril de 2012 fomos ver unha obra de teatro que se titula "O arxina e o fele".

A súa tradución ao galego é "O canteiro e o demo". Trátase de 2 canteiros e un aprendiz que paraban o día picando na pedra.

Chamábanse Caraleulla, Mangarriás e Faxurdín e eran moi graciosos. Tamén había un demo e un lobo. O demo quería unha ponte e o lobo comer carne.

Foi moi divertido cando o lobo lle mordeu o rabo ao demo e o canteiro lle deu un mazo na cabeza.


3º E.P.



Charla sobre os vexetais na alimentación infantil



Visitamos unha exposición sobre aves no Concello



Taller medioambiental



Fixemos papel reciclado, xoias con papel e bolsas de plástico e tamén asociamos as datas de nacemento co calendario celta e descubrimos que árbore eramos...

PAXINA WEB

MOVÉMONOS NA ERA DIXITAL...E NO
CEIP DE SOUTELO DE MONTES NON
QUIXEMOS QUEDARNOS FÓRA...

Xa temos páxina web!!!



Unha vez máis, todo o equipo de profes convidámosvos a que visitedes o noso sitio web. Poderedes atopar distinta información relativa ao centro: horarios, menú mensual, eventos, saídas, actividades desenvolvidas no centro, así como unha chea de fotos de todo o que vivimos neste curso...

A screenshot of the website for CEIP de Soutelo de Montes. The page features a navigation menu on the left with categories like 'O centro', 'Profesorado', 'Biblioteca', 'Pais/Nais', and 'Galería de fotos'. The main content area is titled 'MATRÍCULA CURSO 2012/2013' and contains information about the enrollment process, including a deadline of April 10th. There is a photo of the school building and a calendar for July 2012. The footer includes the 'Redeiras' logo, a social network for teachers, and a search bar.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsoutelomontes/>

AS RECEITAS DE DONA M^o CARMEN



“ FLAN DE QUEIXO ”

Ingredientes

- Caramelo líquido para o molde.
- 2 sobres de leite callado (“cuajada” en sobre).
- 1 sobre de xelatina neutra.
- 1 vaso de leite.
- Medio vaso de azucre.
- 300 gramos de queixo de untar.
- 1 litro de nata.

Preparación

- 1- Ponse a ferver a nata.
- 2- Nun recipiente mesturamos o leite, xelatina, leite callado, azucre e queixo; desfacendo todo ben.
- 3- Cando empece a ferver a nata bótaselle a mestura e retiramos do lume.
- 4- Botamos todo nun molde con caramelo e métese na neveira 4 ou 5 horas como mínimo.

PASATEMPOS E HUMOR

Os rapaces e rapazas de 3º ocorrúsenos debuxar aos nosos profes. Trátase de buscar os seus nomes nunha sopa de letras e logo colocalos onde corresponde.

ANIMÁDES VOS CO RETO?



M-----



C---



H-----

M-----





E--

M-----



V	L	D	T	B	M	X	I	R	U	P
G	E	V	A	R	A	C	H	U	S	H
X	B	F	O	S	R	M	W	M	H	J
H	G	V	O	F	I	A	M	S	X	M
I	I	O	L	Y	C	R	V	J	J	I
L	C	B	O	A	A	T	V	M	N	G
D	E	V	N	S	R	A	W	J	O	U
A	L	U	A	E	M	S	R	C	Z	E
M	I	P	M	N	E	F	Z	C	M	L
W	A	O	T	A	N	D	Y	K	S	R
P	U	D	N	V	T	R	U	Q	P	M



I--

C-----

P----

M-----

V-----



MATEMÁTICAS DIVERTIDAS

Completa os cadrados baleiros cos números do 1 o 9, de xeito que non se repitan ningunha cifra en cada fila, columna ou cadrado.

6	5	2				1	8	9
	9			1	6	7	2	
		1	2			4	6	5
5								
2		3	9		6	8		4
								6
1	2	5			4	3		8
4	6	9		8	2		1	
	8	7				6	4	2

Partindo dalgunhas casillas xa coloreadas, hay que colorear as casillas vacías coas cores vermello, amarelo, azul e verde. Non se pode repetir ningún cor na mesma fila.

		■	
■		■	■
	■		■
■			

COMO ADIVIÑAR UNHA CARTA ESCOLLIDA AO CHOU:

Dille a alguén que escolla unha carta da baralla. O as conta como 1, o rei como 10, o cabalo como 9, a sota como 8 e as demais cartas co seu valor. Pídelle que faça as seguintes operacións:

- 1º Multiplica por 2 o valor da carta.
- 2º Ao número que resulte súmalle 1.
- 3º Multiplica o resultado por 5.
- 4º Se a carta é de ouros súmalle 4, se é de copas suma 3, se é de espadas suma 2 e se é de bastos suma 1.
- 5º Dime o resultado.

Co resultado fas o seguinte :


- A cifra das unidades indica o pau da baralla: 6 é bastos, 7 é de espadas, 8 é copas e 9 é ouros.
- A cifra das decenas indica o número da carta.

Exemplos: Se obtés de resultado 38, a carta escollida é o 3 de copas. Se obtiveses 16, a carta sería o as de bastos.

Crucillamas


CRUCILLAMA

1. Regalo, agrasallo.
2. Fío metálico.
3. Arma parecida á espada, pero de forma curva.
4. Vapor de auga polo aire, néboa...
5. Peza de vestir semellante á camisa.
6. Couza que se pode percibir polos sentidos.



CRUCILLAMA

1. Animal que nace duns ovos.
2. Outra forma de chamulle as peixes.
3. O verbo vexo está en 1ª...
4. Sinónimo de galiza.



ADIVIÑAS

Anda de burato en burato
coastrupas
darrastro.

Chorín choraba,
tras as torres andaba
como as torres caían
chorín ría.

Como pola cabeza
coga pola cintura
e lele polos pés.

Anda é non ten pés,
come e non ten boca,
coma comida lle dan
toda lle parece pouca.

Capote sobre capote,
capote do mesmo pano.
Se non sabes o que é
non cho digo en todo o ano.

Entre taloa e
taloa
hai un home
que non fala.

Dúas orellas e tres pés;
a ver se acertas o que é.

Adiviñas


Chistes

-A ver Xaimito, se nun peto do pantalón tes 100 euros e no outro 200, que é o que tes?
-Pois uns pantalóns que non son meus.



Un ladrón entra de noite nunha casa e desperta a Lucío que durmía. O ladrón dixo:
-Busco cartos!
E Lucío responde:
-Que boa idea, espera a que encenda a luz e busquemos os dous!

Papá, lembras que me ofreciches unha bicicleta se saían ben os exames?
-Sí fillo.
-Pois fíxate se tes sorte que non vas ter que comprala.



-Como foi o accidente?
-Mire, ve usted aquel precipicio?
-Sí
-Pois eu non o vin



EXCURSIÓN FIN DE CURSO

- Como remate deste curso 2011-2012 o día 13 de xuño fomos de excursión.
- Visitamos o Mosteiro de Santo Estevo e logo fomos para Luintra onde realizamos unhas actividades guiadas e para rematar a mañá comemos todos/as xuntos.
- Xa pola tarde participamos nunha actividade de Geocatching desde San Pedro de Rocas ata Esgos.
- Para merendar fixemos unha paradiña no Parque do Carballiño.
- Xa as nove regresamos a Soutelo.

QUE BEN O PASAMOS!!!!





**FELICES
VACACIONES**